

REAL ACADEMIA GALEGA

Informe sobre o apelido *Alonso / Afonso / Alfonso*

O nome galego *Afonso*, que provén do medieval *Adefonsus*, está formado en orixe polas raíces xermánicas *Ad-*, do gót. *HATHU 'loita', ou *Ild-* de *HILDI 'loita' e un segundo elemento *fonsus*, que procede do gót. -FUNS 'disposto, valente'.


Aínda que como apelido ensaiou en latín un patronímico en *-ez* (*Veremudo Adefonsiz* século IX, *Hordonus Adefonsiz* século X) este non triunfou, seguramente por motivos fonéticos, polo que o propio nome romance sen sufixo funcionou desde cedo como segundo nome herdado do pai: *María Afonso* século X, *Pelagius Afonso* século XI, *Petro Afonso* século XII.

Afonso é a forma patrimonial galega e portuguesa e a que triunfou en Portugal.


Como foi nome de moitos reis na Idade Media, fíxose popular e iso levou a que tamén o apelido fose moi frecuente.

Desde principios do século XV, a forma castelá *Alonso* empezouse a impoñer nos textos galegos, tanto para o nome coma para o apelido. No XIX, polo nome dos reis Alfonso XII e Alfonso XIII, colleu pulo a variante *Alfonso*, que acabou sendo a usual para o nome persoal, pero non deu substituído a *Alonso* como variante máis frecuente do apelido.


En conclusión, a forma patrimonial galega, que aínda levan máis de mil persoas en Galicia, é *Afonso*. Esta é a forma estándar do apelido, como consta no libro da RAG *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización* (2016).



Alonso Afonso a.1633. Arquivo da Catedral de Santiago



Dominga Afonso
a.1743. Arquivo Histórico da USC



Manuela Afonso
a. 1843. Arquivo Histórico da USC